





PLAN DE ACTUACIÓN CONDUCTA EDUCATIVA

ADAPTADO ÁS SÚAS CIRCUNSTANCIAS SOCIOFAMILIARES COAS MEDIDAS DE ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA QUE MELLOREN A SÚA ACTITUDE E A SÚA CONDUCTA SEN PREXUÍZO DAS CORRECCIÓNS PUNTUAIS QUE CORRESPONDAN NO ÁMBITO DA CONVIVENCIA.

1. INTRODUCCIÓN (XUSTIFICACIÓN)
2. RECEPTORES
3. OBXECTIVOS
4. CONTIDOS
5. METODOLOXÍA
6. ACTIVIDADES
7. RESULTADOS (CONCLUSIÓN E AVALIACIÓN)

1. INTRODUCCIÓN (XUSTIFICACIÓN)

No CEIP Agro do Muíño estamos a traballar a Mediación como forma de resolvelos conflitos entre iguais para mellorar a convivencia no noso centro educativo.

A actualización no presente curso do Plan de Convivencia lévanos a deseñar un programa de apoio a resolución de conflitos que acontecen no día a día e deberían de mudarse por outras actuacións.

2. RECEPTORES

Este proxecto enfócase ao traballo con todo o alumnado do centro, si ben centralizárase nos nenos/as que presenten condutas disruptivas, e aos casos nos que teñamos que axudar á resolución de conflitos, mediante a intervención do D.O esperando que eles mesmos sexan quen de resolvelos sen axuda.



Ante cada intervención específica adaptárase este plan á casuística plantexada e as idades dos membros implicados en cuestión.

3. OBXECTIVOS

- Mellorar á conduta dentro e fora da aula coa fin acadar unha mellora da convivencia entre os membros da súa clase e co resto da comunidade educativa en xeral.
- Respetar aos compañeiros/as, en todos os ámbitos (persoal e de traballo)
- Respetar a propiedade axeia non facendo uso dela sen permiso.
- Resolver os conflitos pola vía do diálogo e a mediación.
- Identificar os sentimentos en uno/a mesmo/a e nos demais, expresándoos de forma correcta e precisa, traballando a empatía.
- Dialogar e participar en conversas e situacións de interacción entre iguais.
- Traballar en equipo compartindo as cousas e as responsabilidades, aprendendo a comunicarse, a cooperar, a ser solidario y a respectar las regras do grupo.
- Comunicar aos demais os propios desexos ou peticións con cortesía e amabilidade.
- Manexar os pensamentos negativos que deterioran a autoestima e a competencia social, substituíndoos por outros máis eficaces.
- Aprender a tomar decisións de forma rápida, correcta e oportuna para poñelas en práctica en situacións cotiás de carácter individual e/ou grupal.
- Distinguir entre críticas xustas e inxustas. Admitilas, no seu caso, e expresar educadamente os desacordos.
-



4. CONTIDOS

- A conduta: bos e malos hábitos
- Normas básicas de convivencia: No colexio en na sociedade en xeral
- A atención.
- A ira (como xestionala)
- Relaxación
- Empatía
- O diálogo
- A autoestima
- O traballo en equipo
-

5. METODOLOXÍA

Cada vez que concorre un feito conflitivo, en primeiro lugar, todos os alumnos/as poden solicitar mediación ou resolver de xeito razoado o conflito

O primeiro paso será esclarecer os feitos, situación na que por quendas todos os alumnos/as poden expresar e relatar todo o acontecido.

O proceso de traballo sobre os feitos que aconteceron, as causas, reaccións e forma adecuada de resolver ou de comportarse segundo a situación dependerá das idades dos nenos/as, xa que no caso dos que xa teñen ven adquirida a lecto-escritura, moitas das actividades serán por escrito, pero no caso dos mais cativos as reflexións faranse vía oral.

O obxectivo é que a maioría dos conflitos acaben en mediación por interese propio dos mesmos ou cunha aberta entre as partes, previa desculpa, si o problema de comportamento tivese lugar na aula e afectase á marcha da clase, as desculpas e a aperta estenderíase aos profesores afectados.



6. ACTIVIDADES

Como xa se comentou antes, no caso dos mais pequenos faríase oralmente a mesma reflexión que os maiores terán que reflexar de forma escrita, así como as desculpas públicas.

➤ Reflexión por escrito:

- Que sucedeu?
- Como tería que comportarme ante esta situación?
- Como me sinto?
- Como se sentirá a persoa que recibiu a ofensa (agravio, agresión...)?
- Que vai a pasar a partires de agora?, Como me vou a comportar?
- Si fose necesario farían un carta de desculpa para a persoa ou persoas agredidas, física ou verbalmente, profesor ou alumno.

Outras posibles actividades a realizar serían as de tipo:

- ✓ Vídeo forum sobre o tema a tratar (a web ofrece vídeos adaptados a alumnado por idades).
- ✓ Mesas redondas con todo o grupo (dirixidas) para traballar situacións ou problemas da vida cotiá que repercuten na convivencia escolar e na boa marcha das sesións de aula.
- ✓ Role-playing representado a situación de conflito (ou distintas situacións de conflitos cotiás) e formas de resolvelos.
- ✓ Técnicas de relaxación e respiración para evitar situacións de conflito.
- ✓ No caso dos mais cativos, traballar pequenos contos sobre a amizade, os conflitos e a xestión da ira.



- ✓ Rooler emocional.

Dende o departamento de orientación, o vindeiro curso instalarase o buzón de pensamentos, ideas, problemas... no que de forma privada os rapaces/as poidan reclamar axuda ante un conflito ou problema (propio ou da aula) antes de que se faga maior. A reclamación pode ser anónima indicando o problema e o grupo clase no que sucede. Trataríase desta forma de tentar de evitar o conflito antes de que xurda a pelexa (física ou verbal) e saber de algunha maneira si houbo algún tema de acoso ou malestar cun alumno/a.

7. AVALIACIÓN

Unha boa parte deste programa leva funcionando dende hai dous curso, aumentándose a implicación e as tarefas de prevención cada ano. Os resultados están sendo favorables, xa que reducimos os protocolos de conductas contrarias á convivencia a menos da metade dos que se fixeron hai tres anos.

Algunhas nenas acércanse voluntariamente a falar coa orientadora nos recreos ou, si o necesitan nalgunha clase para transmitir algunha inquedanza, preocupación, ou algún tema de conflito que non foi totalmente resolto.

En cada avaliación trimestral e ao rematares este curso farase unha avaliación de resultados de convivencia para tratar de modificar ou ampliar este plan.

Ortoño xaneiro do 2021

M^a Begoña Castro Iglesias
Xefa do departamento de Orientación